



**ORDE do 12 de maio de 2020 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial para o curso 2020/21  
( CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED330B)**

**FONDO SOLIDARIO LIBROS TEXTO (alumnado de 3º a 6º Ed. Primaria)**

**AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO (alumnado de 1º e 2º Ed. Primaria)**

**AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR (alumnado de toda a primaria)**

### **REQUISITOS**

- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10000 €
- Ter devoltos os libros do fondo solidario do curso 2019/2020(alumnado de 3º a 6º de Ed. Primaria)

Seguindo a Orde indicada no comezo, a presentación de solicitudes será preferiblemente por vía electrónica no formulario do anexo I disponible na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/> ) e opcionalmente no centro docente, sempre con cita previa ( teléfono **881866132/131/130** ou ben por correo electrónico [ceip.pastor.barral@edu.xunta.gal](mailto:ceip.pastor.barral@edu.xunta.gal) e as medidas sanitarias axeitadas.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:20 de maio ata o 19 de xuño de 2020**

**HORARIO DE RECOLLIDA E ENTREGA EN SECRETARÍA DE  
10:00 A 12:00**

**(FÓRA DESTA HORARIO NON SEREDES ATENDIDOS)**

**A solicitude será única para todos os fillos/as admitidos no mesmo centro docente.  
DOCUMENTACIÓN:**

- **Libro de familia.** Copia do libro de familia de tódalas páxinas escritas
- No caso de separación ou divorcio: sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor.
- Fotocopia dos DNI de todos os membros.
- Nos casos especiais:
  - **Certificado do grao de discapacidade** recoñecido por un órgano que **NON** pertenza á Xunta de Galicia

- **Documentación xustificativa da violencia de xénero.**
- A **incapacitación xudicial** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada acreditarase coa correspondente resolución xudicial.

### **MEMBROS NON COMPUTABLES**

- A persoa proxenitora que non conviva co alumnado no caso de separación legal ou divorcio na que non haxa custodia compartida.
- O agresor en casos de violencia de xénero.

<b><u>FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO</u></b>
<b><u>3º, 4º, 5º E 6º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u></b>

Pode solicitalo o alumnado que o vindeiro curso 2020/2021 curse de 3º a 6º de Educación Primaria, con **independencia da renda per cápita**; os libros dispoñibles repártense entre os admitidos por orde inversa á renda per cápita **ata que se esgoten** as existencias. En todo caso recibirán:

- **6 libros**, renda\* per cápita **igual ou inferior a 6000 €.**
- **4 libros**, renda\* per cápita **superior a 6000 e igual ou inferior a 10000€.**

**Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou con discapacidade igual ou superior ao 65%: 6 libros con independencia da renda.**

<b><u>AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO</u></b>
<b><u>1º E 2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u></b>

- Renda\* per cápita **igual ou inferior a 600 €.....210€**
- Renda\* per cápita **superior a 6000€ e igual ou inferior a 10000€.....140€**

<b><u>AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR</u></b>
<b><u>ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u></b>

- Só para rendas\* per cápita **igual ou inferior a 6000 €.....50€**

**\* NON SE APLICA O LÍMITE DE RENDA Ó ALUMNADO TUTELADO POLA XUNTA DE GALICIA, O ALUMNADO DE EDUCACIÓN ESPECIAL OU CON DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 65%.**